

**Juan Ramon Makuso**

### **Cara a disidencia de man da tradición**

Non é doado falar da palabra tradición, porque o concepto tradición ten entre as mulleres e homes un significado mediocre, sobre todo, e non hai máis remedio, cando falamos dende o presente. E estamos hoxe e aquí –quero subliñar o hoxe e o aquí–, porque temos un punto de partida na tradición. Galeusca non tería existencia sen a tradición, e menos aínda personalidade. E a única personalidade, a dada pola identidade, é aquela que cadaquén atopa dentro de si mesmo.

Neste sentido non estaría mal presentar unha pregunta como punto de partida: que crea a identidade, a personalidade en min, en nós? O recibido da tradición, se nos achegamos ao concepto dende a acepción máis corrente. E iso que recibimos vaise a inserir en nós de xeración en xeración. Mais na miña lectura do comezo subliñei a importancia do presente e do lugar. Agora e aquí, non se está a abrandecer a forza que tivera a tradición no referido á transmisión? O que recibimos de inmediato na transmisión, non presenta completamente a identidade e personalidade que posúe a tradición de cadaquén, senón que a tradición de cadaquén mestúrase con outros elementos. E agora quero lembrar o que afirma Joseba Sarrionandia no libro «Ni ez naiz hemengoa» [Eu non son de aquí] acerca da tradición, opinión expresada xa no título.

As mulleres e os homes hoxe en día cada vez temos máis referencias do mundo, aínda que esta circunstancia sexa sempre unha característica humana, polo menos se nos comparamos cos animais (e velaquí o exemplo máis dramático entre os animais, a carracha). En opinión de Sarrionandia «todos sentímonos parte deste mundo». E como se materializou todo isto, ou como se está a materializar? Retomemos de novo as palabras do iurretarra:

«porque proliferaron as comunicacións xeográficas e as comunicacións culturais chegaron a formas realmente universais». Palabras axeitadas para responder á pregunta que estamos a plantexar.

Estaría ben aclarar dende agora os malentendidos que pode producir a universalidade, porque en nome de dita universalidade pódese reprimir a principal identidade que transmite a tradición. Eu recibín a miña lingua dunha tradición, a da oralidade. Sen dúbida o símbolo máis tradicional para a tradición. A miña lingua nunha universalidade xeral é unha, e isto crea o mencionado por Sarrionandia «un pobo non perde as súas raiceiras grazas á lingua. A patria dos vascos é o éuscaro». E isto concédeme como individuo e ante o mundo unha universalidade, xa que non estou illado na miña soidade senón que o mundo créase cos demais. Da soidade á diversidade, mais cunha identidade, e todo isto xera a diferenza. Isto é un paradoxo, e partindo deste paradoxo chegamos á multiculturalidade, que hoxe nos provoca tanta inquietude. A diversidade non é inimiga da tradición. Mesmo pode ser disidencia. Disidencia ante unha tradición excluín-te. As exclusións, no mundo, crean mundos pequenos e pechados. Talvez as patrias que hoxe en día recibimos os homes e as mulleres non son máis que o resultado dun malentendido. E neste malentendido os vascos temos dabondo no que pensar. Non temos conseguido máis que o éuscaro pasara de ser unha tradición sublime a ser un mundo pequeno, e isto crea unha grande ferida na nosa identidade. A verdadeira patria, o éuscaro, non se arraigou aínda nos nosos espíritos, e isto é unha grande contradición para os vascos á hora de mirar cara a tradición. De novo, Sarrionandia reflicte moi ben esta nosa situación: «Temos as raiceiras no éuscaro e na cultura vasca, mais as raiceiras on son para se pechar, senón para se abrir a outras raiceiras. Sendo vascos, o mundo é o escenario da nosa vida, as cousas do mundo son nosas, a nosa

tradición tense que vencellar a outras tradicións.

Para rematar, e para deixar unha creba á disidencia, abro a porta a un disidente. Son estas palabras de Emile Cioran: «*El poder de la inteligencia se ejercita en proyectar sobre él un lustre, en pulirlo y hacerlo deslumbrante; este poder, erigido en sistema, se llama cultura, fuego de artificio sobre transfondo de nada.*»

Polo de agora, respondo á tradición pechada cunha disidencia: eu non son de aquí.

*Traducido do éuscaro por Iratxe Retolaza Gutiérrez*

### **Tradizioaren eskutik disidentziara**

Ez da erraza tradizio hitzaz hitz egitea, tradizio kontzeptuak gizon emakumeon baitan baduelako halako esanahi kaskar bat, batez ere, eta ez daukagu beste erremediorik, orainetik berba egiten dugunean. Eta gaur eta hemen –azpimarratzen dudalarik, gaur eta hemengaude, tradizioan dugulako abiapuntua, tradiziorik gabe Galeuscak ez zuen izango existentziarik, are gutxiago nortasunik. Eta nortasun bakarra, identitatea ematen duelarik, norberak bere baitan aurkitzen duena da.

Maila honetan ez legoke gaizki galdera bat ipintzea abiapuntu bezala: identitatea, nortasuna, guregan, niregan, zerk ematen digu? Tradiziotik jasotzen duguna, tradizio kontzeptuari bere adiera arruntenera begiratzen badiogu. Eta jasotzen dugun hori belaunaldiz belaunaldi txertatzen da gure baitan. Baina nire irakurketaren hasieran azpimarratu dut orainaldiak eta lekuak daukan garrantzia. Egun eta hemen, tradizioak zeukan indarra transmisioari dagokionean ez ote ari da ahultzen? Transmisioan bertatik bertara jasotzen duguna, guztiz norberaren tradizioak dauzkan identitate eta nortasuna ez dira azaltzen, baizik eta norberaren tradizioa beste elementuekin nahasten da. Eta orain gogoratu nahi dut Joseba Sarrionandiaren «Ni ez naiz hemengoa» liburuaren izenburutik hasita tradizioaz berak esaten duena.

Gizon emakumeok, egun, gero eta gehiago dugu munduaren erreferentzia, nahiz eta zirkunstantzia hau beti giza ezaugarri bat izan, behintzat animaliekin geure burua alderatzen baldin badugu (eta hemen animalien adibiderik dramatikoena akainarena litzateke). Sarrionandiaren aburuz «mundu horren partaide sentitzen gara guziok». Eta hau guztia nola gauzatu da edo gauzatzen ari da? Berriro ere har ditzagun iurretatarraren hitzak: «komunikabide geografikoak ugaldtu eta komunikabide kulturalak molde benetan unibertsalera iritsi direlako». Hitz egokiak guk plazaratu dugun galderari erantzuteko.

Hemendik aurrera ez legoke gaizki argitzea unibertsaltasunak sor ditzakeen gaizki ulertzeak, unibertsaltasunaren izenean zapaldu baitaiteke tradizioak ekar dezakeen identitaterik nagusia. Nire hizkuntza tradizio batetik jaso dut nik, ahozkoarena. Zalantzarik gabe tradizioaren ikur tradizionalena. Nire hizkuntza unibertsaltasun orokor batean bat da, eta honek sortzen du Sarrionandiak dioena «hizkuntzagarik ez du herri bakoitzak bere erroak galtzen. Euskaldunen aberria euskara da». Eta honek ematen dit niri banako gisa eta munduaren aurrean, unibertsaltasun bat, ez bai naiz isolatuko nire bakardadean bat izate horrek beste guztiekin batera osatuko da mundua. Bakardadetik aniztasunera, baina identitate batekin, eta horrek ekartzen du ezberdintasuna. Paradoxa da hau, eta paradoxa horretatik abiatuta iristen gara egun hainbeste lan ematen digun kultur aniztasunera. Aniztasuna ez da inondik inora tradizioaren arerioa. Izan daiteke disidentzia. Disidentzia tradizio baztertzailerik baten aurrean. Bazterketak, munduan, mundu txiki eta hertsia sortzen baitu. Agian gaur egun gizon emakumeok jaso ditugun aberriak horren ikurrak baino ez dira, gaizki ulertu baten ondorioak. Eta gaizki ulertu honetan euskaldunok badugu zer pentsatua. Euskara guretzat tradizio goren bat izatetik,

mundu txiki bat baino izatea ez dugu lortu oraindik, eta honek zauri ikaragarri bat sortzen du gure identitatean. Benetako aberria, euskara, ez da oraindik errotu gure izpirituetan, eta hau tradizioari begira euskaldunentzat kontraesan handi bat da. Berrero ere Sarrionandiak oso ongi islatzen du hau: «Euskaran eta euskal kulturaren ditugu erroak, baina erroak ez dira hersteke, baizik eta beste erro batzutara irekitzeko. Euskaldunak izaki, mundua da gure bizitzaren eskenarioa, munduko gauzak geureak direla, gure tradizioa beste tradizioekin elkartu behar dela».

Bukatzeko eta disidentziari zirrikitu bat uztearren, disidente bati atearen zirrikitua irekita uzten diot. Emile Cioranen hitzak dira:

El poder de la inteligencia se ejercita en proyectar sobre él un lustre, en pulirlo y hacerlo deslumbrante; este poder, erigido en sistema, se llama *cultura*, fuego de artificio sobre transfondo de nada.

Oraingoz tradizio hertsuari disidentzia batekin erantzuten diot: ni ez naiz hemengoa.